

A **Confederación Galega de persoas con discapacidade (COGAMI)** é unha entidade de ámbito autonómico, constituída por 53 asociacións, que prestan apoio cada ano a 60.000 persoas con discapacidade e ás súas familias; para sacar adiante esta tarefa, 200 profesionais, centos de voluntarios e directivos despregan o seu compromiso a diario.

COGAMI aposta polo emprego como eixo fundamental da nosa plena participación social, polo que a formación xoga un papel determinante. Para iso, ten en funcionamento un Servizo de Intermediación Laboral no que preto de 3.000 persoas con discapacidade atopan emprego cada ano. Somos propietarios de 13 empresas que forman un grupo de economía social no que traballamos 800 persoas, o 94 % delas, con algún tipo de discapacidade.

Pero o importante, mais alá dos números, é que COGAMI é unha entidade que ten como única misión a defensa do dereito de toda persoa con discapacidade a estar presente e participar na comunidade nas mesmas condicións que os demais; a superar e remover os obstáculos dunha sociedade que non está deseñada para todos.

Todos, e cada un de nós, independentemente de se somos persoas con discapacidade ou non, cando nacemos podemos afirmar que temos discapacidade, en maior ou en menor medida. Agora explícome, temos discapacidade porque non somos quen de camiñar sos, nin para comer, nin de asearnos, etc. Por tanto, podemos afirmar que a discapacidade forma parte da nosa existencia, de nenos e de maiores temos moitas limitacións. Sen embrago, os dereitos das persoas con discapacidade avanzaron dende unha práctica de segregación ao modelo de integración, para agora ir achegándonos ao concepto de sociedade inclusiva, un concepto que polo momento aínda está por chegar.

Cómpre mencionar que máis do dez por cento da poboación de Galicia ten algún tipo de discapacidade; se lle sumamos as persoas con incapacidades laborais, e as familias duns e doutros, podemos dicir sen medo a estar errados, que máis do trinta por cento da poboación ten relación directa, persoal, co noso grupo social.

Somos moitísimos, somos unha parte moi representativa da sociedade, sen embargo as persoas con discapacidade necesitamos recordarlle á sociedade que os dereitos á educación, á saúde, á convivencia social,... están asegurados pola Constitución Española, e aplícanse a cada un dos cidadáns deste país, pois temos transitado dende a prescindibilidade, o rexeitamento, a ocultación, a ser titulares de dereitos.

A educación inclusiva e a xestión da diversidade no ámbito do ensino, cuestións que nos reúne hoxe aquí, deben erixirse en elementos fundamentais e inherentes ao concepto de educación de calidade para todas as persoas. O ensino debe proporcionar ás persoas con discapacidade os coñecementos, as habilidades e as destrezas que compensen as desigualdades e desvantaxes coas que, polas exclusións ás que nos enfrontamos, aínda hoxe partimos.

A educación constitúe un dos factores máis determinantes na loita contra a desigualdade, a exclusión social e a pobreza. As elevadas taxas de fracaso, absentismo e abandono escolar teñen importantes consecuencias en termos de cohesión, participación e comportamento social. Só co efectivo cumprimento dos dereitos esenciais, entre eles o dereito á educación de calidade, inclusiva e gratuíta para todas as persoas, lograrase unha sociedade máis tramada, madura, xusta e solidaria, na que primen os valores de cohesión social fronte aos obstáculos que impiden a participación de todas as persoas. É imprescindible mellorar a calidade educativa e reducir as desigualdades en termos de educación, fomentando a calidade e a excelencia e loitando contra a segregación educativa.

Hase de entender a educación inclusiva dende as paradigmas de calidade educativa, igualdade de oportunidades e accesibilidade universal ao longo de todo o ciclo vital, asegurando a educación permanente das persoas con discapacidade como fórmula de promover a súa autonomía persoal, o libre desenvolvemento da súa personalidade, exercendo sempre o dereito a tomar as súas propias decisións e elixindo o seu modo de vida, e a súa inclusión social. Todo isto, tendo en conta o establecido no artigo 24 da Convención Internacional sobre os Dereitos das Persoas con Discapacidade.

Achegarse ás experiencias da discapacidade en calquera dos ámbitos nos que as persoas con discapacidade temos que desenvolver a nosa vida, en todos claro, pode ser enormemente complexo. Utilizando unha *licenza "o fenómeno da discapacidade é extraordinariamente heteroxéneo"*, tan heteroxéneo como o conxunto de cidadáns que conviven nun país. Polo tanto unha experiencia, por si mesma, pode non ter gran valor; que lle imos facer, somos así de diferentes.

Partindo desta realidade propoñolles facer algunhas reflexións sobre determinadas realidades nas que nos atopamos as persoas con discapacidade. Vou empregar algúns parágrafos da *Convención da ONU sobre os dereitos das persoas con discapacidade*:

a) Desenvolver plenamente o potencial humano e o sentido da dignidade e a autoestima e reforzar o respecto polos dereitos humanos, as liberdades fundamentais e a diversidade humana;

Xa non é obxecto de discusión que a nosa construción coma persoas ciméntase coa nosa familia, e desenvólvese coa nosa educación. Aínda que algúns parece que se resisten a entendela, se non estamos presentes dun xeito normalizado no sistema educativo, sempre nos imos a considerar cidadáns de segunda. Tanto dende a perspectiva propia, como na visión dos demais. A ignorancia provoca o medo e o rexeitamento, e se os demais rapaces non son quen de vernos dun xeito natural, participando ao seu carón na nosa formación, nunca nos verán como un elemento máis da diversidade, titulares dos mesmos dereitos e as mesmas liberdades ca eles mesmos.

b) Desenvolver ao máximo a personalidade, os talentos e a creatividade das persoas con discapacidade, así como as súas aptitudes mentais e físicas;

Poucos países poden permitirse o luxo de desperdiciar o talento dos seus cidadáns. Sen dúbida os máis desenvolvidos son os que apostan decididamente por apoiar a creatividade e o talento. Sendo isto así, cando o elemento diferencial é a

discapacidade historicamente vense desestimando a nosa posibilidade, as nosas expectativas. Considérasenos dende nenos máis como un gasto (temos que estar escolarizados por Lei) que como unha inversión (somos os que imos facer máis xusto, máis culto e máis rico o noso país).

c) Facer posible que as persoas con discapacidade participen de xeito efectivo nunha sociedade libre.

Coñecen vostedes algunha sociedade libre? Si, dito así non parece boa pregunta.

Coñecen vostedes algunha sociedade que sexa máis ou menos libre na que os seus cidadáns non teñan acceso á educación ?

Pois esa é a realidade, somos como unha República Bananera no mar das democracias occidentais.

d) Que as persoas con discapacidade poidan acceder a unha educación primaria e secundaria inclusiva, de calidade e gratuíta, en igualdade de condicións cos demais, na comunidade en que vivan;

En moitas ocasións esquecesenos, esquecelles aos demais, que dereitos como o acceso á educación en contornas normalizadas son básicos. Supoño que a ninguén se lle pase pola cabeza que o seu fillo non vaia ao colexio que lle corresponde por proximidade ou por elección. Que por ser máis o menos alto lle vaian a adxudicar unha praza ou outra. En cambio a discapacidade segue a ser un elemento de exclusión, a diversidade segue a ser unha razón, unha xustificación de trato desigual.

Cando alguén decide que unha persoa con discapacidade, de calquera tipo ou grado, lle adxudiquen unha praza fóra da súa contorna natural, está a apartalo lonxe da súa contornade socialización que teñen todos os rapaces, dos seus amigos, do seu barrio, das referencias e seguridade que dá o coñecido.

e) Facilitar medidas de apoio personalizadas e efectivas en ámbitos que fomenten ao máximo o desenvolvemento académico e social, de conformidade co obxectivo da plena inclusión.

Nun sistema educativo cos índices de fracaso escolar altísimos, os rapaces con discapacidade que atopan atrancos de accesibilidade, tanto nos centros como no transporte, falta de apoios e adaptacións físicas, sensoriais ou curriculares, isto fai que as posibilidades de fracaso se multipliquen de xeito alarmante.

Por se alguén tivo a idea, xa lla desminto eu, as persoas con discapacidade non somos máis listos que os demais. Temos que competir nun mundo que se caracteriza por poñer no noso camiño máis dificultades que aos demais, por iso temos que formarnos e capacitarnos o mellor posible. É a única defensa para loitar na procura da nosa propia autonomía.

A posibilidade de elección do centro por parte das familias, que todos os centros ordinarios sexan susceptibles de escolarizar a nenos e nenas con discapacidade, dotándoos dos recursos e medios necesarios, a formación do profesorado, as adaptacións curriculares e un longo etcétera, considerámolas innegociables.

Incluso o máis que controvertido debate sobre como definir e regular o papel dos Centros de Educación Especial como recurso para determinados casos, como elemento excepcional en caso de consenso entre familias e profesionais. Tema delicado no que traballamos en aras da mellor utilización de todos os medios dispoñibles ao servizo das persoas e na procura do necesario consenso entre entidades, familias, administración e profesionais.

Non lles quero cansar máis, podemos ter os máis altos pensamentos, as mellores intencións, a normativa máis vangardista e inclusiva, todo apoio é bo, pero xamais imos a acadar o noso obxectivo sen que isto se leve á práctica. Como se soe dicir, o papel e as intencións aguántano todo, pero só co compromiso de todos os axentes (familias, Administración e profesionais) teremos unha mínima esperanza de que a xeración de nenos e nenas con necesidades especiais de apoio acaden unha contorna que lles permita aspirar a formarse como un máis entre os centos de

miles que compoñen a diversidade do noso ensino.

Por estes motivos, é determinante seguir a traballar pola equiparación de oportunidades das persoas con discapacidade colaborando a todos os niveis na realización das políticas sociais pola inclusión, dende a transversalidade, evitando medidas segregadoras que exclúen e invisibilizan ás persoas con discapacidade, tendo como eixo principal de actuación o VIVIR INCLUÍDOS NA COMUNIDADE, incidindo na idea de que as PERSOAS CON DISCAPACIDADE PODEMOS APORTAR SE NOS DAN A OPORTUNIDADE.

MOITAS GRAZAS